

Comentarios postos no blog do Sánchez Cantón no curso 2012-2013

A coroa de Napoleón

Este libro cumpre o dito de que segundas partes nunca foron boas. Non ten moitos puntos de vista nos que pararse a comentar, e iso non sempre é bo, porque é moi simplón. O transcurso da historia é moi rápido vai atropelado. O autor non fai máis que facer avanzar a acción sen pararse a describir os acontecementos, e en algunha escena fai falla esa descrición, coma por exemplo cando están Anselmo e Tintinmán no pazo de Cornide buscando información e aparece o anticuario para matalos. Por outra banda é un pouco cargante a constante repetición dos "apodos" que Tintinmán fai cara aos distintos personaxes, por exemplo a Sonia: "a moza co pelo máis bonito da Coruña", "a moza do pelo máis suave que coñecín", etc. E así durante toda a historia. Ou cara a súa irmán chinesa, que non fai máis que recordar que non a quere. É isto o que converte a historia nunha obra pouco interesante á hora de lela, é aburrida. Con respecto aos personaxes non hai moito que dicir tampouco, só que Mónica intervén menos na trama o que lle complica menos ao autor a labor de relatar os feitos dos namorados. Nesta historia este personaxe perdeu a delicadeza e xa non ten a importancia do outro libro que era a base ou enlace do relato. Nesta historia perdeu todo o bo que tiña e non é máis ca un ha peza máis, sen importancia engadida. Por último dicir que a temática de amor xuvenil non é o forte de Jaureguizar e iso nótase, porque non se ve verdadeira a situación, é coma fantástico. Por exemplo cando Sonia e mais Tintinmán teñen que subir á Torre de Hércules e inventan a escusa de ir casar. Isto non ten verosimilitude e fai perder moito á historia. No fondo a historia podería ser entretida, se estivese contada de outra forma e con outros aspectos engadidos. Non ten nada que ver coa primeira parte. E tampouco son capaz de sacar ningunha ensinanza, co que se resume que non me gustou nada. **(Clara)**

"A coroa de Napoleón" é un libro que me deixou un pouco decepcionado. Para min é peor cá primeira parte, "Corazón de chocolate", en moitos aspectos, empezando por unha historia sen moito sentido e na que, realmente, non pasan moitas cousas. Os acontecementos succédense moi rapidamente sen que o escritor os chegue a explicar e a aclarar totalmente. Ademais eu esperaba unha continuación da primeira parte, para pechar as portas que quedaron abertas, mais non, é unha historia totalmente allea no que o único que posúen en común son os personaxes protagonistas. Algo que o libro conservou perfectamente foi a maneira tan boa e entretida que ten Jaureguizar de conseguir mesturar a historia de Galicia coas aventuras do ousado repoteiro, grazas a un personaxe, Anselmo, ao que lle agradecín as súas abundantes aparicións para axudar cos temas de historia. Outra cousa que mellorou nesta parte é como o autor manexa os romances de Tintimán. Esta vez é cunha rapaza da Coruña, Sonia, que si que tivo un papel importante do libro e que lle aportou aparicións puntuais e moi importantes para o relato que se estaba a contar. Sen ela Tintinmán non tería falado coa policía nin tería argallado unha forma para despistar aos gardas e subir a Torre de Hércules. Tamén me gustou que o papel de Mónica quedase relegado a un segundo posto. É un personaxe que persoalmente non me gustaba e así non tiven que aturar as súas irrelevantes aparicións tan repetitivas e mesmo as poucas que apareceron desta vez dábanlle á historia relación co anterior libro. En resumo creo que o libro está ben se desfrutaste das primeiras aventuras de Tintimán pero parece que foi escrito con moitas présas xa que algúns acontecementos son moi rápidos e casuais, como cando atopan ao ladrón da coroa no primeiro lugar onde buscan e grazas ao Señor Grozni, aínda que segue posuíndo algúns detalles que sobresaen e que fan mellorar á historia. **(Andrés)**

"A Coroa de Napoleón" foi un dos libros que máis me gustou en literatura galega. Pareceume un libro moi entretido, e que me deixaba coa intriga de que era o que ía pasar no capítulo seguinte. Un dos puntos que máis me gustou deste libro foi a localización dos feitos en paisaxes galegos que todos coñecemos, xa que isto fai o libro moito máis interesante e divertido. Cambiaría deste libro a crueldade coa que Tintimán trata a Mónica, xa que parece unha nena moi boa que soamente esta namorada, gustaríame que fora un amor correspondido o que faría a historia máis bonita. Outro dato que non me gustou do libro foi a repetición excesiva de algúns datos como:

-A historia da batalla de Elviña. Cóntaa moitas veces ó comeno do libro o que fai estas partes un pouco difíciles de ler.

- Os motes. Utiliza apodos a meirande parte das veces para referirse as persoas, o que acaba resultando moi largo de ler e algo aburrido.

Tampouco me gustáron moito as ilustracións deste libro, xa que me pareceron moi sinxelas e pouco representativas, e o das ilustracións e un dato moi importante para min a hora de ler

un libro. En xeral foi un libro que me gustou bastante, dun autor novo para min, que estou seguro de que voverei a ler xa que me encanta como relaciona unha historia de aventuras con, neste caso, unha historia que tivo lugar na antigüidade, polo que este libro tivo, máis que unha moralexa, un contido histórico para aprender. **(Jorge)**

Despois de ler "Corazón de chocolate"; a primeira parte desta historia, supuxen que "A Coroa de Napoleón" tamén me ía gustar, pero equivoqueime. Collín este libro con moi boas expectativas, pero teño que dicir que o libro non me gustou nada. Rouban a "Coroa de Napoleón" e Tintimán comeza a buscala. Atópaa no establecemento do boticario Jacques Bouguert du Lac. Despois, Tintimán e mais unha moza coruñesa chamada Sonia seguen investigando non se sabe moi ben por qué, xa que o misterio xa estaba resolto e aquí comeza a parte máis sen sentido do libro. Van ao Pazo de Cornide, Jacques intenta matalos, Tintimán volve ao pazo co seu padrastro, outra vez intenta matalos e a historia remata ... A parte relativa a Sonia tampouco ten moito sentido, primeiro di que lle gusta, que é a rapaza co pelo máis suave, máis guapa...e tc. Despois di que xa non lle gusta, despois que si outra vez e ó final rómpelle o corazón e ... E non falemos de Mónica, o autor leva xa dous libros coa historia de que a Mónica lle gusta pero a el non, e logo non para de dicir que soñou con ela, que non pode ter nada con Sonia porque Mónica lle estará esperando... É completamente absurdo, este rapaz non sabe decidirse! Cando cheguei á parte en que atopa a coroa e vin que aínda quedaban máis de sesenta follas non souben moi ben que pensar. Pero isto non foi o peor, a peor parte foi cando subiron á Torre de Hércules e enganaron ó garda e fixéronlle crer que ían casar; algo imposible de crer, e comezaron a facer cousas raras. Nese momento pensei que o autor intentaba ser orixinal, con malos resultados, por suposto. En definitiva, se alguén quere ler un libro, que escolla outro, porque este non ten nin argumento. Non hai nin tan sequera unha parte que me gustase, e mira que é difícil. **(Itziar)**

Na miña opinión, "A Coroa de Napoleón" é un libro axeitado para nenos máis pequenos, xa que eu non lle atopei nada que o fixera entretido nin emocionante. De feito, podo dicir que a súa lectura non me aportou nada en especial. Unha das cousas máis estrañas deste libro é a curiosa relación entre o protagonista, Tintimán, e Sonia, unha muller que coñece nas súas aventuras, xa que ás veces Tintimán di que lle gusta Sonia e despois rectifica e di que non, que non é o seu tipo. Polo menos, Sonia ten certa relevancia na historia, pois axuda a Tintimán en certas ocasións a proceder nos seus plans. Outro aspecto que non me gustou nada foi a rapidez coa cal se produciron algúns acontecementos. Por exemplo, despois de que acontecera o roubo da Coroa, no primeiro lugar que visitan Tintimán e os demais encontran xa ó culpábel, algo que me pareceu moi repentino. Paréceme mala idea a ocorrencia de Tintimán (do autor, realmente) de pórle aos seus coñecidos distintos alcumes, que nun principio pode parecer moi orixinal e gracioso, mais estes "apodos" non deixan de repetirse ó longo do libro facéndose un tanto aburrido. En canto ás características xerais do libro, débese destacar que é moi fácil de ler, pois posúe un vocabulario moi sinxelo. O autor, Jaureguizar, relaciona os diferentes feitos producidos no libro coa historia de Galicia, feito destacado durante a lectura do mesmo. Isto o fai de forma excepcional, mais a súa forma de narrar toda a historia queda un pouco repetitiva e monótona. É moi curto, pódese ler dun tirón, mais pode chegar a ser moi aburrido. En comparación coa primeira aventura de Tintimán, "Corazón de Chocolate" (que lin fai tempo), hei de dicir que este libro me decepcionou bastante, mentres que o primeiro pareceume moito máis divertido e interesante.

Sinceramente, a min non me parece un libro adecuado para nosa idade (en cuestión da historia e do vocabulario en xeral). O vexo máis apropiado para alumnos de 1º de ESO ou, incluso, de finais de primaria. Definitivamente, non é un libro malo, mais teño lido libros moito mellores ca este, que se queda nunha mera historia para ser lida como libro voluntario, pero que quedará esquecido na librería, sen termos aportado nada máis ca un ratiño de lectura. **(Luís)**

Escollín este conto porque me parecía interesante e ó principio o foi. Pero na miña opinión, en vez de resolver o misterio do roubo da coroa de Napoleón tan rápido debería de ter máis trama, porque logo xuntan dous misterios que parecen que non teñen relación ningunha se non fose porque Napoleón está nos dous. Tamén me parece que Tintimán non se aclara, primeiro di que quere irse do xornal porque no colexio van avisar á nai e ela non sabe que falta e logo din que non porque convéceno o seu xefe. E logo sobre Sonia, di que lle gusta e ao final di que non. Sobre Mónica só teño que comentar que se eu son el, asústome porque entra na miña casa sen o meu permiso e por moito que me faga un favor, entrar nas casas dos teus amigos sen que eles estean na súa

casa é raro. Por iso non me gustou moito, este conto non o recomendo moito porque é moi indeciso. (**Marta**)